

CONVENIO ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO A TRAVÉS DO MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN E A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, A TRAVÉS DA AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA –AGACAL–, EN MATERIA DE ESTATÍSTICA, ANO 2023.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria DECLARA:

1. Que a Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal) formalizou o 26.06.2023 co Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA) o instrumento convencional arriba referido por o período de vixencia que abrangue a anualidade 2023.
2. Que o convenio ten por obxecto establecer a acción conxunta das partes asinantes, en materia de estatística agraria, gandeira e de pesca, para levar a cabo, durante o ano 2023, as funcións precisas na recollida de información nas explotacións agrarias, establecementos, empresas industriais e mercados de produtos agrarios; así como a gravación e validación destes, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, para a execución dos programas de estatística estatal.
3. Que existe converxencia de intereses entre o MAPA e AGACAL e as partes consideran conveniente subscribir un convenio para a harmonización e comparabilidade das estatísticas elaboradas en virtude das súas competencias, así como para establecer unha única fonte de recollida de información, que evite duplicidades, diverxencias e molestias ao informante e minimize o custo que supón a execución do Programa Estatístico, garantindo o suficiente grao de cobertura, fiabilidade e oportunidade, acorde coas esixencias da normativa nacional e da Unión Europea.
4. Que a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, prevé a subscripción de convenios entre dúas ou máis administracións públicas, que poderán incluír a utilización de medios, servizos e recursos, para o exercicio de competencias propias ou delegadas. Consecuentemente, as partes están habilitadas para a subscripción deste Convenio interadministrativo conforme establece o artigo 47.2 a) da citada lei.
5. O Decreto 52/2018, do 5 de abril, polo que se crea a Axencia Galega de Calidade Alimentaria (Agacal), configura a Axencia con personalidade xurídica propia, patrimonio e tesourería propios e autonomía na súa xestión. A norma atribúelle a competencia para dirixir e elaborar as estatísticas en materia agraria. O Programa Estatístico anual da Comunidade Autónoma de Galicia (Decreto 224/2022 do 29 de setembro) encoméndalle a Agacal a realización de diversas operacións estatísticas para 2023.
6. O presente Convenio de colaboración é de carácter administrativo, considerándose excluído do ámbito da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 virtude do art. 6 do mesmo. As controversias sobre a interpretación e execución deste poderán ser resoltas pola Comisión Mixta de Coordinación e Seguimento prevista no presente convenio.

Santiago de Compostela,
O director da Agacal
José Luis Cabarcos Corral

